

PROCEDIMENTO: AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE RODAXES AUDIOVISUAIS EN GALICIA, COFINANCIADAS POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA GALICIA FEDER 2021-2027 (CT207G)

ASUNTO: RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN

Expediente: AG/S/2024RA/A/0001

Titular: ROMERÍA VIGO, A.I.E.

NIF: V56138282

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. En data 26 de xuño do 2024 publicouse, no DOG núm.123, a Resolución do 10 de xuño do 2024, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das axudas para a realización de rodaxes audiovisuais en Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024.
2. Con data 11 de xullo do 2024, ten entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, a solicitude de axuda da entidade Romería Vigo, A.I.E., NIF V56138282, dando lugar á apertura do expediente AG/S/2024RA/A/0001 no procedemento CT207G.
3. Examinada a solicitude, a documentación complementaria que a acompaña e realizadas as pertinentes comprobacións dos requisitos establecidos nas bases da convocatoria, emítase o correspondente informe do órgano instructor.
4. En data 9 de agosto de 2024, o Director da Axencia Galega das industrias Culturais (Agadic), emite proposta de resolución de concesión da axuda.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. É competente para a resolución de concesión da axuda o Presidente do Consello Reitor da Agadic, de conformidade co disposto no artigo 15 da Resolución do 10 de xuño do 2024, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva,



das axudas para a realización de rodaxes audiovisuais en Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa Galicia FEDER 20221-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024, debendo ditar resolución expresa, no prazo de 15 días desde a data de elevación da proposta de resolución, que deberá estar debidamente motivada.

2. O artigo 14.1 das bases reguladoras, determina que na concesión das subvencións seguirase un procedemento abreviado no que a proposta de resolución será efectuada pola dirección da Axencia, elevándoa á presidencia de Agadic para a súa aprobación posterior.

3. O artigo 15.1 das bases da convocatoria establece que o órgano instructor, tras a comprobación do cumprimento dos requisitos por cada solicitude, elevará a proposta de resolución de concesión á presidencia da Agadic.

4. En data 9 de agosto de 2024, o Director da Agadic trala instrución do expediente, emite a proposta de resolución de concesión de axuda.

Examinada a proposta de resolución do Director da Agadic, e de conformidade con ela,

RESOLVO:

Conceder a axuda solicitada ao abeiro da Resolución do 10 de xuño do 2024, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das axudas para a realización de rodaxes audiovisuais en Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024, a **Romería Vigo, A.I.E.**, NIF V56138282, para o proxecto "Romería", por importe de 300.000 euros, distribuídos en dúas anualidades, e segundo se reflicte no cadro que sigue e de conformidade coas condicións anexadas á presente resolución:



EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	PROXECTO	IMPORTE SUBVENCIÓN	ANUALIDADE 2024	ANUALIDADE 2025
AG/S/2024RA/A/0001	ROMERÍA VIGO, A.I.E.	V56138282	ROMERÍA	300.000	150.000	150.000

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, consonte á Lei 4/2008 do 23 de maio, de Creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e contra dela poderase interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais O prazo para interpor o recurso de reposición será dun mes, se o acto fose expreso ou desde o día seguinte a aquel en que se tivera producido o acto presunto. Transcorrido o dito prazo, unicamente se poderá interpor recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, de ser o caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión. Se o acto non fose expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Notifíquese á resolución as entidades interesadas, de conformidade co establecido na Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O Presidente do Consello Reitor da Agadic

José Carlos López Campos



Anexo CONDICIÓN

1. CONDICIÓN PARTICULARES

1.1. Definición do proxecto apoiado:

- a) Tipo de proxecto: longametraxe
- b) Actividade: Coprodución
- c) Empresa que acredita actividade en Galicia: Si
- d) Intensidade da axuda: 25%
- e) Denominación: Romería
- f) Obxecto (descrición): Rodaxe da longametraxe "Romería"

1.2. Conceptos subvencionables do proxecto

- a) Coste total de la operación. Coste da produción audiovisual: 3.150.399,61 €
- b) Coste total subvencionable. Coste do proxecto subvencionable: 2.946.504,31 €

Conceptos subvencionables	Importe subvencionable	%
Costes directos (persoal)	2.025.574,31 €	100%
Costes indirectos (distintos de persoal)	810.229,72 €	40% dos custos de persoal

Importe subvencionable	Intensidade da axuda	Total subvencionable	Subvención concedida
2.835.804,03 €	25%	708.951,01 €	¹ 300.000 €

¹ Para calcular a contía da axuda concedida tivéronse en conta os límites establecidos no artigo 3.6 e 4 da Resolución do 10 de xuño de 2024 (DOG nº 123, do 26 de xuño), pola que se publican as bases reguladoras desta axuda.

O método aplicado para determinar o importe dos gastos subvencionables e, polo tanto o importe da subvención, baséase nos custos directos de persoal a custo real e, para cubrir o resto de custos subvencionables da operación, aplicáse un tipo fixo do 40% de forma directa, cuxo cálculo se



efectúa sobre o importe de custos directos de persoal, de conformidade co establecido no artigo 56 do Regulamento (UE) núm. 2021/1060.

2. CONDICIÓN DERIVADAS DO COFINANCIAMENTO DA AXUDA CON FONDOS EUROPEOS

Esta axuda está cofinanciada no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, cunha taxa de cofinanciamento Feder do 60 %, computándose o 40 % restante como investimento privado elixible das persoas beneficiarias.

Esta actuación corresponde a:

Obxectivo Político 1. Unha Europa máis competitiva e intelixente, promovendo unha transformación económica innovadora e intelixente e unha conectividade TIC rexional.

Obxectivo Específico 1.3. O reforzo do crecemento sustentable e a competitividade das PEMES e a creación de emprego nestas, tamén mediante investimentos produtivos.

Liña de actuación: 1.3.01. Apoio financeiro a proxectos de investimento empresarial, especialmente das PEMES, para promover o crecemento sustentable, a competitividade e a creación e o mantemento do emprego.

Ámbito de intervención 021. Desenvolvemento empresarial e internacionalización das PEMES, incluídos os investimentos produtivos.

Os indicadores relativos a esta convocatoria son:

Indicador realización 2: RCO02: Empresas apoiadas a través de subvencións (empresas)

Indicador de resultado 1: RCR02. Investimentos privados que acompañan ao apoio público (euros)

O que exige o cumprimento da normativa aplicable a este fondo, en particular, o Regulamento (UE) nº 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, e o Regulamento (UE) nº 2021/1058, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, así como a súa normativa comunitaria, estatal e autonómica de desenvolvemento.



A concesión desta axuda, e a súa aceptación por parte da persoa beneficiaria, supón declarar que ten a capacidade administrativa, financeira e operativa suficiente para cumprir as súas condicións e a súa aceptación a ser incluída na lista de operacións prevista no artigo 49.3 do Regulamento (UE) nº 2021/1060, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións, de acordo co artigo 20.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Tamén supón a recepción deste documento a obriga de aplicar medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, cumprir a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, á normativa en materia de subvencións. A detección de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade serán comunicados ao Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral da Administración do Estado, por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto <https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>.

A detección de irregularidades pode implicar a aplicación de correccións financeiras e a solicitude de devolución dos importes percibidos indebidamente, xunto cos correspondentes xuros de demora. As irregularidades detectadas no gasto xustificado reducirán a axuda Feder da operación.

A persoa beneficiaria deberá manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable adecuado en relación con todas as transaccións relacionadas cos investimentos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais de contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os investimentos financiados con fondos Feder.

Así mesmo:

- Deberá someterse ás actuacións de comprobación e/ou de control financeiro que poidan realizar os distintos órganos de control a nivel autonómico, estatal ou comunitario, en particular ás verificacións previstas no artigo 74 do Regulamento (UE) nº 2021/1060, ás auditorías do organismo de auditoría do Programa Galicia Feder 2021-2027 ou das distintas instancias comunitarias de control sobre os fondos europeos e achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. Para tal fin, garantirase que todos os documentos xustificativos da operación se conserven durante un prazo de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano en que se lle efectúe o último pagamento.



- Comprométese a comunicar a Agadic a solicitude e/ou obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos concorrentes que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentaron a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, coa solicitude de cobro da subvención.
- Comprométese a cumprir os requisitos de comunicación do financiamento público do proxecto, segundo o establecido no artigo 17 j) das bases reguladoras.
- Comprométese a evitar os impactos negativos significativos no medio ambiente na execución das actuacións, respectando o principio de «non causar prexuízo significativo» (principio Do no significant harm-DNSH), no sentido establecido no artigo 9.4 do RDC.

O intercambio electrónico de datos da operación farase a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, [hppts://sede.xunta.gal](https://sede.xunta.gal) tal e comos e recolle nas bases da convocatoria.

O organismo intermedio baixo cuxa xestión está a persoa beneficiaria do proxecto é a Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos da Consellería de Facenda e Administración Pública, que abarca todo o ámbito da Xunta de Galicia e os organismos dependentes.

O organismo en cuxa senda financeira está enmarcado o proxecto é a Xunta de Galicia.

O organismo que selecciona a operación e expide o DECA é a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic).

En relación coa publicidade do financiamento, de conformidade co previsto no artigo 50 do Regulamento (UE) 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño, a entidade colaboradora recoñecerá a axuda dos fondos europeos a través do Feder, e para iso:

a) No seu sitio web oficial, cando o dito sitio web exista, e nas súas contas nas redes sociais fará unha breve descrición da operación, de xeito proporcionado en relación co nivel de axuda, cos seus



obxectivos e resultados, destacando a axuda financeira da Unión Europea.

Para cumprir con este requisito pode utilizarse a seguinte imaxe:



b) Nos documentos e materiais de comunicación destinados ao público e relacionados coa execución da actuación, proporcionará unha declaración que destaque a axuda da Unión Europea de xeito visible.

O formato que se deberá utilizar é o seguinte:

PROXECTO COFINANCIADO POLA UNION EUROPEA

c) Exhibirá nun lugar ben visible para o público polo menos un cartel de tamaño mínimo A3 ou unha pantalla electrónica equivalente con información sobre a actuación onde se destaque a axuda dos fondos europeos; nos casos nos que a persoa beneficiaria sexa unha persoa física,





asegurará, na medida do posible, a dispoñibilidade de información axeitada onde se destaque a axuda dos fondos europeos, nun lugar visible para o público ou mediante unha pantalla electrónica.

O formato que se deberá utilizar é o cartel indicado no apartado a), arriba referenciado

Cando varias actuacións teñan lugar no mesmo emprazamento só é preciso colocar unha placa ou cartel.

Durante o período de obrigatoriedade de conservación da documentación, a entidade colaboradora deberá conservar, preferentemente en formato dixital, unha copia de todos os materiais de comunicación e publicidade que elabore no marco da actuación.

Este material deberá ser posto a disposición do Organismo Intermedio ou das institucións da Unión Europea se así llo solicitan.

3. CONDICIÓN DE EXECUCIÓN DO PROXECTO:

DATA DE SOLICITUDE E ELIXIBILIDADE	11 de xullo do 2024
DATA DE INICIO DO PROXECTO	11 de xullo de 2024
DATA LÍMITE DE EXECUCIÓN	30 de setembro de 2025
PRAZO DE XUSTIFICACIÓN	ANUALIDADE 2024: dende a resolución definitiva de concesión ata o 30 de novembro de 2024
	ANUALIDADE 2025: dende o 2 de decembro de 2024 ata o 30 de setembro de 2025
CONSECUENCIAS DA NON PRESENTACIÓN EN PRAZO	Perderase o dereito ao cobro da axuda



4. CONDICIÓNS PARA O ABOAMENTO DA SUBVENCIÓN:

Para o aboamento da subvención, a persoa beneficiaria, deberá:

- a) Para ter dereito ao pagamento da axuda deberá presentarse electronicamente, a documentación xustificativa da subvención, ademais dos formularios establecidos para o efecto (anexo IV xunto co modelo complementario) debidamente cubertos dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia.
- b) O pagamento das axudas farase efectivo a partir da data da resolución definitiva de concesión e realizarase a condición de que se acredite que a actividade foi executada de acordo co proxecto presentado e se xustifique correctamente o seu emprego e o cumprimento das obrigas establecidas na presente resolución, todo isto sen prexuízo do réxime de pagamentos anticipados ou pagamentos á conta para o que se observará o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- c) Só serán computados para os efectos de xustificación os gastos de persoal que fosen efectivamente realizados e pagados no período subvencionable determinado na resolución de concesión da subvención. Esta circunstancia deberá acreditarse documentalmentemente, mediante copia das facturas ou outros documentos de valor probatorio equivalente no tráfico mercantil, que teñan como destinatario a empresa produtora e cuxo expedidor quede identificado nelas, así como mediante nóminas que estean emitidas pola persoa beneficiaria e as cotizacións á Seguridade Social. As facturas e documentos xustificativos similares serán expedidos conforme o disposto na normativa reguladora das obrigas de facturación que resulte aplicable. En todos os supostos deberán presentarse copia das facturas ou documentos xustificativos, acompañados da documentación acreditativa do pagamento, en concreto copia dos extractos e certificacións bancarias que deixen constancia do pagamento dos gastos pola persoa beneficiaria. Toda esta documentación deberá acompañarse dunha memoria económica abreviada que conteña a descrición dos custos de persoal coa identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento.
- d) As facturas correspondentes aos contratos mercantís formalizados entre a persoa beneficiaria e as empresas prestadoras do servizo, susceptible de ser considerado gasto de per-



soal, deberán recoller especificamente os custos de persoal individualizados a que fan referencia, así como unha breve descrición do servizo prestado.

- e) A persoa beneficiaria deberá presentar a relación dos custos considerados subvencionables seguindo o modelo complementario desta convocatoria.
- f) A persoa beneficiaria deberá remitir, de ser o caso, os tres orzamentos que deba solicitar, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, que establece que, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, para o contrato menor, a persoa beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, prestación do servizo ou entrega do ben, salvo que, polas súas especiais características, non existan no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou fornezan, nos caso que proceda.
- g) A persoa beneficiaria deberá anexar un informe de auditoría de contas realizado por persoa habilitada rexistrada como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas no que quede reflectido o establecido no artigo 20 das bases da convocatoria.
- h) O investimento xustificado ten que coincidir coa resolución de concesión da subvención, ou as modificacións autorizadas. Se a xustificación é inferior ao investimento previsto, sempre que se manteña o cumprimento da finalidade da subvención, minorarase a concesión proporcionalmente ao investimento non xustificado. No caso de que non se xustifique a subvención en prazo, ou de que o executado non cumpra o fin para o cal se concedeu a subvención, quedaría anulada na súa totalidade.
- i) A falta de presentación da xustificación no prazo establecido ou a concorrencia dalgunha das causas de reintegro previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro das cantidades percibidas, caso de habelas, e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. Neste caso a persoa titular da Dirección da Axencia Galega das Industrias Culturais ditará a oportuna resolución, nos termos do ar-



tigo 21.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

- j) O incumprimento total dos fins para os cales se concedeu a axuda, determinado a través dos mecanismos de seguimento e control, da realización do proxecto ou da obriga de xustificación será causa de perda do dereito ao cobramento ou de reintegro total da subvención. En particular, consideraranse incumpridos os obxectivos da axuda cando non se xustifique polo menos o 60 % dos custos previstos no proxecto con respecto ao gasto para realizar en Galicia en concepto de custos de persoal.
- k) O incumprimento parcial dos obxectivos ou a non execución de actividades concretas do proxecto dará lugar á perda parcial do dereito ao cobramento da subvención nas porcentaxes que se determinan no artigo 24 das bases da convocatoria ou, de ser o caso, ao reintegro parcial da subvención. Toda diminución de gasto en custos de persoal comportará a unha minoración da axuda. Esta minoración será proporcional á diferenza entre o previsto na solicitude da axuda e o importe xustificado admitido pola Agadic.

5. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Para todo o non establecido nesta resolución, estarase ao disposto na normativa seguinte:

- Resolución do 10 de xuño do 2024, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das axudas para a realización de rodaxes audiovisuais en Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024. (DOG núm. 123 do 26 de xuño do 2024).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño) e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.



- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
- Lei 55/2007 do 28 de decembro, do cinema; Real decreto 1084/2015, do 4 de decembro, que a desenvolve, e Real decreto 1090/2020, do 9 de decembro, que modifica o anterior.
- Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e Política de Visados.
- Regulamento (UE) 2021/1058, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, relativo o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e ao Fondo de Cohesión.
- Orde HFP/1414/2023, do 27 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas financiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e o Fondo de Transición Xusta para o período 2021-2027.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.
- Regulamento UE núm. 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado e régulanse os réximes de axuda concibidos para apoiar a



elaboración de guións, e o desenvolvemento, a produción, a distribución e a promoción de obras audiovisuais.

- Real Decreto Legislativo 1/2023, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral das persoas con discapacidade e a súa inclusión social, así como a Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia e demais normativa de aplicación.

